

Pseudónimo: Gobelete

CARRACUCA ACURRUNCHADA

Non me peneires o celme do
buratiño do corazón. Aínda a
túa garatuxa levo no bico.

Graceland, 14 de febreiro de 1958

Miss Barbara Gray:

Na miña pel acuruxouse o agarimo
do teu ruxido anxelical.
Quedaron as gargalladas esborrexendo no
aire detrás nosa.

Lembro cada segundo de aquel día en
Virxinia. Os teus suspiros levo impregnados
no meu recordo. Sorprendéronme as túas
meniñas, esmoxicaban e sorrían. Gustoume
coñecerte así, un encontro ao chou.

Entre as nosas mans o tempo esvarou sen
que importara.

Recordas aínda o meu perfume?, dicíame
que che gustaba, que che evocaba ás
barberías. Eu

xogaba cos teus pendentes, ti
tiñas medo de que chos rompera.

Prestábame aloumiñarche tamén as
fazulas, quero enredar os meus dedos nos teus
crechos dourados mentres as túas
perfebas baixan. Ulirche tamén
o pescozo e adormecer en ti sentindo o ben
que me fas.

Bastaron uns poucos segundos para precisarte
máis. Esquecinme das présas, dos pensamentos.

Os meus carnosos beizos bicaban as túas
mans á vez que ti, sen parar, querías saber
do meu topete. Querías tocalo, cousa que a
min non me chistaba.

Entre o ombreiro e o pescozo borbóriñei
que che ía adicar unha canción no concerto.

Respondiches que non coñecías a miña
música, era iso verdade?

Mirándonos estábamos cando por fuxir
da xente comezamos a correr.

O teu vestido acariñábase o van, tiña un
tacto lene, moi lene. E a miña man?

Paramos na varanda enmudecidos pola ledicia
entre olladas e carantoñas de tenrura e
paixón. Danza de meniñas falcatrueiras.

Bar, prezada, tornarán as cóchegas na caluga?

Quero mesturar o prebe do desexo coa
borralleira dos calafríos mentres camiñamos
arredor de nós atraídos coma
vagalumes na luz do candil.

Miudiño me atopas, miudiño debuxas
buguinas co teu dedo na miña gravata,
eu quero engaiolar os teus sorrisos no
trasmallo e que chién por sempre
coma ferreñas.

Non me importan os contos rexoubando
nos beizos da xente, nós brincaremos a
cacharela, da man, ao abeiro da lúa
pedindo cereixas para a primavera.

Son larpeiro de murmurios no canto da
lingua e adoezo por asubiar na
gorxa da charamela.

Séntesme? Estráñote, churrusqueira.
Estraño o troulear das nosas olladas na
forxa do pasado. Adorméceme na zaragallada
morna mentres agardas a que píce o cuco do
reloxo.

Retrátote de cotío no orballo, debaixo
dun sancosmeiro. Gabeas por
cantos recantos ten o meu maxín, estoupas
os estraloques e sopras os dentes de león. Sempre
en min.

Barbara, gustaríame verte de novo.
Convídote esta vez a Graceland, o meu fogar.

Barbara, ao servizo militar marchou nun mes.
Desexo verte por segunda vez antes de partir.

Un segredo escorrega da punta da miña lingua
ata a túa. Un bico queda entre os dous
buligando nas cóxegas que nos percorren o

corpo. Sentímonos. Non hai tempo morto.

Rabudo. Sanandresiña.

A handwritten signature in black ink, reading "Elvis Presley". The signature is written in a cursive, flowing style with a large, sweeping flourish at the end of the name.

Elvis A. Presley